

EVA MUÍÑO GÓMEZ PSICÓLOGA ESPECIALISTA EN TRÁFICO E SEGURIDAD VIARIA

«Pasados os 85 anos debemos ir pensando en deixar de conducir»

Muíño avoga por facer revisións más frecuentes a partir dos 70 anos para detectar posibles deterioros

JOSÉ MANUEL PAN
REDACCIÓN / LA VOZ

«Pasados os 85 anos debemos ir pensando en retirarnos das estradas». Eva Muíño Gómez (Santiago, 1963), que preside o grupo de tráfico e seguridad viaria do Colexio de Psicólogos de Galicia, non se atreve a poñer un límite para conducir, pero hai idades ás que «ao mellor xa non estamos para conducir». Muíño, con máis de vinte anos de experiencia na avaliación de conductores, fala dos maiores ao volante, e tamén da polémica sobre a fiabilidade dos recoñecementos psicotécnicos logo de que varios conductores de idade avanzada se confundiran de sentido nas autovías e de que a Fiscalía anunciase investigacións a fondo na renovación dos carnés a certas idades.

—¿Fanse ben os recoñecementos psicotécnicos?


—A polémica non é tanto se se fan ben as valoracións ou non, senón por que saen agora estes casos de repente. Non é un fenómeno vírico, é a consecuencia dunha mala decisión que permitiu que no ano 2010 se fixera un cambio lexislativo que ampliou de dous a cinco anos o tempo para renovar o carné aos conductores maiores de 70 anos. A realidade é que hai conductores que levan tres anos de máis sen avaliar, e que se se les fixera a revisión aos dous anos hoxe non estarían conducindo, ou terían unha serie de restricións.

—¿O problema é entón que a esas idades pasa demasiado tempo sen que os condutores fagan revisións psicofísicas?

—Claro. No ano 2010, cando cambiou a normativa, había moitos conductores de 70 anos que estaban ben nese momento, e polo tanto déuselles o carné por un prazo de cinco anos.

—¿Cal é a solución?

—A solución é facer unhas revisións periódicas más frecuentes. No 2015 as autoridades enviaron a revisión médica extraordinaria 103 conductores maiores. Hai que ter en conta que, coa antiga lei, no 2013 teríamos que ter visto unha parte dos maiores de 70 anos que non se viron, co cal no 2014 aumentou o número de revisións extraordinarias, e tripli-



Muíño preside o grupo de tráfico do Colexio de Psicólogos. SANDRA ALONSO

couse no 2015. Suponemos que agora xa deberon ter pasado todos os que no 2010 obtiveron o carné por cinco anos. Polo tanto, é previsible que a partir de agora non sigan aumentando os casos de revisións extraordinarias.

—¿Por que cre que os maiores se confunden nunha autovía ou autopista?

—Hai varios factores. Non cabe dúbida de que a maior idade, o deterioro cognitivo vai más rápido, e sobre todo é más variábel. Non hai unha pauta xenérica. Non todo o mundo perde facultades aos 80 anos. A variabilidade é moito maior, e polo tanto é más difícil facer a predición.

Non se nos pode pedir que sexamos aditivos e que a esas idades fagamos unha predición a cinco anos. Unha persoa pode estar

ben no momento que vén facer o psicotécnico, pero en tres meses pode ter un cambio, un ingreso hospitalario por exemplo, que de repente o desorienta.

—E perdense capacidades.

—Hai unha serie de errores que son más críticos pola velocidade de procesamento, que vai un pouquín más lenta. E iso pode levar a máis errores e a unha vixilancia inadecuada, e pode ser que entren nalgúnha vía na que non ven tódolos sinais, ou que teñan pequenos errores de desorientación e entren en sentido contrario.

—¿Pode haber más razóns?

—Tamén hai probabilidade de exceso de somnolencia. Por iso informámos de que non deben conducir xusto despois de comer, e por suposto tampouco pola noi-

«Non se nos pode pedir que fagamos predicións a 5 anos. A esas idades hai moitos cambios»

«Os maiores non son os que teñen más accidentes. Conducen amodo, fano de día...»

te. Nós poñemos esas restricións, e xa avisamos no 2010 de que isto podía pasar.

—¿Que máis se pode facer?

—Estamos traballando na concienciación dende hai moito tempo, para que a xente maior faga unha conducción moito más segura. E faina. Tampouco queremos que por esa coladura da lei se criminalice aos maiores, porque non son os que máis accidentes graves teñen. Todo o contrario, os maiores conducen más amodo, fano de día, evitan aglomeracións, percorren distancias curtas...

—¿Hai unha idade para deixar de conducir?

—A efectos de conducción, nós consideramos que un é maior a partir dos 75 anos, porque entre 70 e 75 hai un promedio bastante alto que está en boas condicións. A partir de 75 empezamos a detectar pequenos fallos. Os tempos de reacción van aumentando. E despois dos 80 ou 85 xa falamos dunha conducción bastante limitada, en termos xerais. Pasados os 85 anos debemos ir pensando en deixar de conducir.

—¿É unha recomendación?

—Si. A esa idade seguramente xa conducimos todo o que tiñamos que conducir.

—¿Que avalia un psicólogo nos exames psicotécnicos para a renovación do carné de conducir?

—Basicamente, a velocidade de procesamento, os tempos de reacción. En función diso vén todo o demais. É dicir, que se unha persoa tarda en reaccionar vai tardar tamén en decidir cando está ao volante. Desde o cambio do 2010, no noso grupo estamos moi preocupados por acadar unha formación máis específica dos compañeiros psicólogos para afinar áinda máis na detección a tempo dun problema. Estamos facendo probas de detección precoz de deterioro e de inicios de demencia, moi difíciles de detectar ao principio. Esas probas permiten identificar pequenos comezos de que algúns xeitinhos nos dan unha orientación do que pode pasar nos dous ou tres anos seguintes.

—A Fiscalía e a Garda Civil de Tráfico van investigar se hai irregularidades nas renovacións dos carnés de conducir. Están estrañados polo número de conductores maiores que atopan nas estradas con problemas psicofísicos. ¿Que lle parece?

—Benvida sexa esa investigación e esa vixilancia por parte da Fiscalía e da Garda Civil para que os que xa se coñecen como centros imán fagan ben o seu labor. Que cada pau aguante a súa vela.

La Fiscalía cree que los médicos deben informar sobre los conductores mayores

El fiscal de Seguridad Vial de Galicia, Carlos Gil, cree que los médicos de familia que conocen las dolencias de las personas mayores deben tener la facultad de comunicar a Tráfico si la capacidad de quienes conducen a determinadas edades se ha agravado para evitar más accidentes.

Gil detalla en declaraciones a *Efe*, las gestiones que se están realizando para prevenir que más personas, en especial mayores, conduzcan con mermas en sus capacidades y causen graves riesgos para ellos mismos y los demás usuarios, entre ellas inspecciones a los centros que efectúan las pruebas psicotécnicas para determinar si ha habido actuaciones irregulares.

Las dos vías principales sobre las que trabaja la Fiscalía para evitar que pueda haber personas al volante sin capacidad para conducir son las que llevan a los médicos y a las familias.

«Nos gustaría que los médicos de familia, los que tienen contacto con los pacientes, conocen sus dolencias y alteraciones, tengan la facultad de comunicar a la Jefatura de Tráfico los agravamientos o dolencias nuevas. De momento hay una comisión que lo analiza» para ver su encaje en la Ley de Protección de Datos, ha desvelado. También apuesta por una «mayor concienciación de familiares y del entorno que rodea a los conductores mayores», que de momento no actúa más que en un escaso diez por ciento de los casos. Aclara Carlos Gil que ninguno de estos factores es un «kamikaze», sino que todos actúan «por despiques» y con el convencimiento de que conducen de manera adecuada.

En los últimos meses ha alarmado el número de personas a las que se les ha dado el alto mientras conducían en sentido contrario por autopistas y autovías, en la mayoría de los casos mayores de 60 años que se despistan en los accesos.

La Dirección General de Tráfico propone para ellos una serie de pruebas especiales si quieren continuar con el permiso de conducir en vigor y, además, ha establecido una serie de dispositivos para prevenir este tipo de despiques que pueden tener consecuencias fatales.

Recuerda el fiscal que el año pasado fueron 237 los conductores enviados a «revisións extraordinarias» porque se observó que sus capacidades habían disminuido, pero «más del noventa por ciento fueron obligados por la Guardia Civil o las policías locales, y el grupo más numeroso era el de mayores de 60 años», precisa.